



BONETEIRO XAPONÉS

Euonymus japonica

SABÍAS QUE...? o nome vulgar (bonetero) débese á forma dos seus froitos que evocan a dun bonete, chapeu de catro picos utilizado polos eclesiásticos.

É unha árbore da familia Celastraceae é unha especie nativa de Xapón, Corea e China.

Nome común: Bonetero japonés, Evónimo (cast.); Boneteiro xaponés (gal.); Japanese evonymus (ing.).

Etimoloxía:

- *Euonymus*: nome xenérico que vén das palabras gregas eu = "bo", e onoma = "nome"
- *japonica*: epíteto xeográfico que alude á súa localización en Xapón

Descrición da especie: Son arbustos ou árbores de 2 a 2,5 m de altura. De forma ovoide, moi ramificado e atractivo pola súa follaxe. As súas ramas novas son verdes e angulosas; as súas follas son opostas, de cor verde viva con estrías ou marcas de cor amarela ou branco, coriáceas, suavemente dentadas e máis anchas no ápice. Flores pequenas e insignificantes. Cáliz Os froitos son de cor vermella viva e maduran cara a finais de outono ou principios de inverno. O seu uso máis común é para a formación de sebes ou en maceta. É das especies máis usadas. Existen numerosas variedades.

